

CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Como podedes comprobar este número de *O Casino* sae con bastante retraso. Isto é debido a que varios dos membros da Directiva andamos moi liados esta temporada e temos que sacar o tempo de onde non o hai. Esperamos volver á normalidade no último trimestre do ano. Non obstante, como podedes comprobar a programación sigue adiante.

Estes días recibimos comunicación da concesión dunha axuda de 300 € para a compra dun proxector, unha adquisición que nos vai permitir non só proxectar os nosos propios vídeos das nosas actividades, senón tamén películas e as presentacións das persoas que veñen a dar charlas.


Tamén, aínda que non temos acceso a Internet, decidimos anticiparnos e mercar os dominios cousodegulans.es e cousodegulans.com e contratar un aloxamento para unha páxina web na empresa Strato. Con isto nos anticipamos aos posibles "piratas" que adquiren dominios que poden interesar a outras persoas (como marcas comerciais, nomes de concellos ou de organizacións) para que despois teñas que comprarllos a prezos astronómicos. Todos os traballos referentes á nosa presenza en Internet os empezaremos no último trimestre do ano. Como din por aí *"hoxe quen non está en Internet non está"*. Ide, polo tanto, preparando ideas.

Neste trimestre seguimos cos traballos relacionados co centeo, estando prevista a malla para o vindeiro 2 de setembro, despois do éxito da colleita.

Respecto aos muíños, como informamos nas páxinas específicas, xa se comezaron os traballos de albanelería. Por outra banda foinos

denegada a solicitude de axuda complementaria feita á Consellería de Medio Ambiente.

Como sempre, animarvos a colaborar tanto no Casino como nas actividades que se organizan, ou facendo propostas de novas actividades, sen esquecer as novas posibilidades que se abren coa nosa páxina web.



Neste exemplar:

- 1 Limiar
- 2 Programación trimestral
- 3 Receita • A sega do centeo (polos Carballido)
- 5 Colaboración literaria (por Mary Carballido)
- 6 Actividades realizadas

PROGRAMACIÓN CULTURAL

3º TRIMESTRE 2007

Sega do centeo



Despois da sementeira chega o tempo da sega, con xantar campestre.

Domingo, 8 de xullo,
ás 16'00 horas

Domingo, 2 de setembro
Anunciarase a hora

Malla do centeo



Para completar o ciclo do centeo antes da moenda e de fornecer o pan. Habrá comida para recuperar as enerxías gastadas.

Sendeiro da Franqueira



Como todos os anos farase o percorrido nocturno ata o santuario da Franqueira.

Sábado, 8 de setembro,
ás 23'00 horas

Domingo, 14 de outubro,
ás 10'00 horas

Sendeirismo



Recorrido polos arredores de Couso. Estade atentos aos cartéis para coñecer o recorrido.

Receita

TARTA DE QUEIXO FRESCA


INGREDIENTES:

- 300 gramos de queixo filadelfia.
- Base de biscoito.
- ½ litro de nata líquida.
- 100 gramos de azucre.
- 1 paquete de xelatina neutra.
- Marmelada de fresa.

PREPARACIÓN:

1. Nun molde redondo colocala base de biscoito (que cubra todo o fondo sen quedar ningún burato).
2. Mesturala filadelfia coa nata e bater ben.
3. Derretela xelatina en auga e mesturala co azucre, ata derreter ben.
4. Mesturar o 2 e o 3.
5. Verter enriba da base de biscoito.
6. Meter na neveira durante 6 ó 7 horas.
7. Quitar da neveira, desmoldar e cubrir con marmelada de fresa.
8. Listo para servir.

Proporcionada por Kati Carballido



A SEGA DO CENTEO

O día 8 de xullo de 2007 ás catro da tarde fíxose a gran segada do centeo, levando unha gran sorpresa ó ter tanta participación, a pesar de ser un domingo pola tarde e coincidir cun acontecemento no pobo.



O centeo é un cereal que serviu de alimento tanto a animais como a persoas desde os nosos antepasados. Pretendemos con esta actividade recordar todo o proceso (sementar, segar, mallar e facelo pan). Cabe destacar que actualmente no centeo non encontramos cornella, cousa que antes aproveitaban para facer distintas menciñas.






Puidemos observar que cada quen no seu fogar leva os traballos a cabo de distinta maneira: distintas formas de segar, espallar, atalos mollos e incluso facela meda.



Temos que resaltar que este tipo de actividades incitan ao relax e a xuntanza tanto da xente nova como dos non tan novos, pensando así que este tipo de reunións son interesantes para compartir máis a miúdo, xa que non só se traballou senón que levamos a cabo unha gran merendola. De xeito que esperamos que o día da mallada a participación sexa aínda maior.



Asdo: Os Carballido.

Reflexión ¡¡¡ O día máis importante da vida!!!

Pola mañá esperto coa esperanza de que sexa un día inesquecible, e polo dicir que sempre o consigo, esfórzome en facer as cousas con responsabilidade, trato de facer que nada que poida facer no día quede para o seguinte e procuro que o sorriso sexa a miña carta de presentación, e aínda así a uns caolles ben e outros non tan ben pero teño a conciencia moi limpa, tan limpa que o chegar a noite e meterme na cama e durmo a perna solta, non teño que facer exame porque todo o que fixen fíxeno a conciencia, haberá cousas que me saíron ben e outras non tan ben...



¿Que quero dicir con todo isto? Que o día especial o día máis feliz son todos, ese día que son nai ou que me caso, un irmán tivo un fillo, cumpren anos irmáns, amigos, ese día que miña nai consegue mirar unha película na televisión sen quedarse durmida, ese día que a comida se nos queimou e temos que improvisar un xantar, o día en que me tocou a lotería, que escribín unha poesía, cantei por primeira vez, chorei de ledicia, de dor ou compasión, compartir tantos e tantos momentos, estes son días máxicos, todos os días da vida

porque todos os días me acordo que existo e os demais tamén existen.



Ante a pregunta ¿Cal foi o día máis importante da vida? Eú non sabería contestalo, porque todos son importantes, cada día forma parte da nosa historia particular, e cada día é un acumulo de experiencias para madurar como persoa.



Invítovos a reflexión pois as veces esquecemos que estas cousas tan insignificantes son as máis importantes.

Mary Carballido

Actividades realizadas

O venres, 6 de abril, recorrimos a zona oeste da parroquia de Guláns, nun percorrido organizado pola Asociación Cultural de Guláns e polo seu presidente Aristides Carrera. Recorremos distintos barrios da parroquia como Outeiro do Foxo ou o Penadouro, visitamos as ruínas de capela de San Martiño, a área recreativa de Cavadaña, o Castelo de Cans, os muíños de Couso, a casa e a forxa de Carlos Carballido, onde fomos agasallados con comida e bebida, e expuxemos unha presentación sobre a restauración dos nosos muíños e visitamos Couso. O camiño seguía baixando á igrexa de Guláns pola falda do San Cibrán.




O domingo, 22 de abril, noutro percorrido de sendeirismo, esta vez organizado por nós, saímos cara o Padrán, baixamos ata a Fraga do Rei, seguimos pola beira do regato de Maceiras, entre vexetación autóctona de ribeira e buscando os seus muíños, chegamos a Outeiro, en Cristiñade, e seguimos pola beira do Regueiro da Barxa ata chegar ao Arrabal, onde visitamos o peto de ánimas e descansamos a carón do carballo e o cruceiro. Tomamos o camiño vello polo que se sube ao santo, desvíamonos polo camiño do carteiro, orientados por Olga, e chegando á estrada de Couso a Guláns. Algo máis de 11 quilómetros con vexetación e orografía moi variada. celebrouse a festa de San Martiño. Houbo pouca xente colaborando na organización da festa, polo que vos animamos a constituir unha comisión de

festas para manter estas celebracións, xa que non podemos os mesmos ocuparnos de todo.



As dúas charlas programadas as temos pendentes de que os oradores confirmen a súa asistencia. En canto que teñamos noticias avisaremos con carteis.

O Día das Letras Galegas celebrouse cunha exposición sobre a vida e a obra de María Mariño, así como cun CD coas súas poesías, que se puido escoitar durante todo o día.



A proxeción da película sobre o cambio climático acordamos deixala para as noites do outono, xa que agora andabamos moi xustos de datas e todos saímos máis influídos polo bo tempo.

A fogueira de San Xoán substituíuse por unha sardiñada o día 29 de xuño, xa que facer a fogueira podía ser perigoso polo tema dos incendios.